

Actividades da Asociación



O 2005 foi un ano marcado por diversos cambios que afectaron en boa medida á nosa Asociación. Por un lado, e cumprindo os Estatutos, houbo no mes de abril unha Asemblea Extraordinaria para elixir nova Xunta Directiva, xa que remataba o prazo de mandato da anterior. É un cambio que sempre costa porque, sendo amigos como somos, non é doado darnos conta de que os que o estaban facendo ó noso gusto tamén queren descansar e disfrutar do que fagan outros. Non ha ser facil igualar á directiva saínte, pero neste caso ¡contamos coa axuda da maxia...! Pois a única candidatura presentada levaba como Presidente a un mago, un verdadeiro ‘ilusionador’, e aínda máis, un amigo simbiótico do Tolo do Castro de Viladonga, e isto xa era xogar con vantaxe. Sexa como for, a nova Xunta Directiva resultou elixida por unanimidade dos presentes, e neste sentido cómpre lembrar, coma outras veces, que somos case sempre

os mesmos e conviña que volvan os que viñan e non veñen, e que os que non viñan antes veñan agora, que son tempos de traballar xuntos.

Outro cambio ten que ver coa nova situación do país, xa que a Administración Autonómica saída das últimas eleccións en Galicia, pensou que o luxo de que dispoñíamos nós había que compartilo con máis xente e levóu ó vocal nato (como Director do Museo), que era Felipe Arias Vilas, a xestionar o Patrimonio Cultural de todos. En canto ás actividades que tiveron lugar neste ano, é de destacar a colaboración no desenvolvemento da “Noite dos Museos” evento que forma parte do programa europeo “Le printemps des Musées” (A primavera dos Museos). A convocatoria referíase ós días 14 e 15 de maio, datas tan próximas ás celebracións do Día das Letras Galegas (17) e ó Día Internacional dos Museos (18), que o Museo do Castro de Viladonga decidiu reunilas nunha soa festa conmemorativa na noiteña

do sábado 14 de maio, á que fomos invitados a participar. Iniciouse cunha proxección de audiovisuais en diferentes soportes sobre a lingua galega, as intervencións arqueolóxicas en xacementos de Xixón e de Teruel e traballos antigos no Castro de Viladonga. Seguíu unha merenda-cea nas dependencias do Museo no decurso da cal membros da nosa Asociación e do Clube Cultural Valle-Inclán, asociación irmá de Lugo, leron poemas de tema arqueolóxico de autores galegos, de Eduardo Pondal a Manuel María, rematados con cancións na voz máxica e sempre agarimosa de Pilocha. Tras prender unha queimada, que se quixo resistir ás artes feiticeiras do noso Presidente, xa que a noite era húmeda e fría, aproveitando unha escampada, fixemos a programada visita ó Castro pola noite á luz dalgunhas candeas, visita que desde logo haberá que repetir en circunstancias máis apacibles.

Xa no mes de xullo participamos coma sempre na V Festa Balura (Xornadas de Identidade Chairega), así como nalgunhas viaxes do Clube Cultural Valle-Inclán.

Seguindo a pauta doutros anos, tamén se reeditaron as reproducións de obxectos e produtos para a venda exclusiva no Museo, entre os que seguen a ter grande acollida as insignias que reproducen o puñal de antenas e o aplique con mascariña humana, así coma os marcalibros metálicos con temas do puñal e o pasarrendas. Por outra parte, continuaron os contactos habituais coa FEAM (Federación Española de Amigos dos Museos), se ben é posible que este sexa un tema a debater no futuro. Outra colaboración que, aínda que non é habitual pero

tampouco non era a primeira vez, foi a limpeza do xacemento; posto que a herba e o mato en determinadas zonas do castro dificultaba a visita e chegaba a prexudicar algunhas estruturas e dado que non se tiñan habilitado a tempo os medios solicitados polo Director do Museo, acudimos á chamada deste de xeito subsidiario doutras instancias superiores. É de esperar que de agora en diante, e tendo en conta que a vexetación non sabe de exercicios presupostarios, se habiliten e acomoden os diñeiros ás necesidades, e que a limpeza e consolidación do Castro e mesmo a continuidade das súas escavacións non



sexan considerados nin urxencias nin extraordinarios, senón algo habitual previsto nos orzamentos ordinarios. Cónstanos, polas noticias que agora nos chegan de Santiago, que así será. *Laus Deo.*

Finalmente, queda sinalar que a entidade na que agora depositamos os nosos benamados euros, La Caixa, que a pesar da ser de orixe catalá e por medio da súa oficina en Castro de Ribeiras de Lea e coa xestión impagable de Yolanda Arias, tivo a boa idea e a xentileza de in-

cluír como imaxe seleccionada para as tarxetas de crédito alí expedidas, unha espléndida vista aérea do Castro de Viladonga, feita expresamente con este fin. Certamente, todo un exemplo, e cremos que dicir isto non é publicidade senón relatar o que sucedeu. Agardamos, en fin, que a nova Xunta Directiva da Asociación sexa quen de acadar cando menos os mesmos os logros cás anteriores, coas melloras que proceda e que virán, sen dúbida, a través dunha maior colaboración de todos os seus membros, mantendo ademais, como aquelas outras, amizades e agarimos, dentro e fóra da nosa entidade.